



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 30 DE AGOSTO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00039148Z.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Aprobación das actas de 9, 17, 23 e 24 (dúas sesións) de agosto.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1635/2018.

Modificación licenza obra maior.

concédese a José Alberto Pazos Ferreiro a modificación da licenza concedida na Xunta de Goberno Local na sesión do 07/06/2019 para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lg Queiroal

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/732/2019.

Aceptar cesion de viario e licenza obra maior.

Acéptase a cesión de viario e concédese a Luis Fernando Murillo García licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no Lg do Eixo de Abaixo.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1227/2020.

Aceptar cesion de viario e licenza obra maior.

Acéptase a cesión de viario e concédese a María Teresa Bugallo Sánchez, licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lg Portela de Villestro, 33 B

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00006553H.

Licenza obra maior.

Concédese licenza de obras de reestruturación a DENTALCOM S.L para o acondicionamento parcial de edificación auxiliar de local comercial na Rúa da Fonte de Santo Antonio nº 18, baixo segundo. As actuacións consistirán no rebaixe da altura da edificación auxiliar de planta baixa e a creación dun patio descuberto (12,61 m²) na zona de conexión entre a edificación principal e a auxiliar.

6. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0045.

Actualización de prezos na Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Santiago de Compostela (Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños).

1.- Apróbase a actualización dos prezos da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Santiago de Compostela (Conxo, As Fontiñas, Meixonfrío- Salgueiriños) tendo en conta as modificacións reflectidas no Decreto 91/2014, do 17 de xullo, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 anos (DOG do 24 de xullo de 2014, núm. 140). O réxime de prezos das escolas infantís municipais actualizada para o curso 2021-22, sería como segue:

TRAMOS DE RENDA			ASISTENCIA			SERVIZOS			
(IPREM)	Dende	Ata	Atención Educativa Xornada completa (8 horas)	Atención Educativa Media xornada (4 horas)	Atención Educativa con Comedor	Comedor	Almorzo	Merenda	Horario ampliado
Inferior o 30%	0,00	169,47	- €	- €	- €	- €	- €	- €	21,16 €
Do 30% ao 50%	169,47	282,45	- €	- €	17,45 €	17,45€	10,00€	10,00€	21,16 €
Do 50% ao 75%	282,45	423,67	34,91 €	17,46€	52,36 €	17,45 €	10,00€	10,00€	21,16 €
Do 75% ao 100%	423,67	564,90	69,81 €	34,91€	96,26 €	26,45 €	10,00€	10,00€	21,16 €
Do 100% ao 125%	564,90	706,12	112,13 €	56,06€	149,15 €	37,02 €	20,00€	20,00€	21,16 €
Do 125% ao 150%	706,12	847,35	133,29 €	66,65€	186,18 €	52,89 €	20,00€	20,00€	21,16 €
Do 150% ao 200%	847,35	1.129,80	147,05 €	73,52€	210,52 €	63,47 €	20,00€	20,00€	21,16 €
Superior ao 200%	Mais de	1.129,80	169,26 €	84,63€	243,31 €	74,05 €	25,00€	25,00€	21,16 €

MATRÍCULA	OUTROS SERVIZOS	DESCONTOS
75€/ANUAL	Hora día solto: 2 €	Familia monoparental: 20%
	Comedor día solto: 4 €	Familia numerosa: 20%
	Merenda día solto: 2 €	2º fillos e sucesivos: gratuidade atención educativa
	Almorzo día solto: 2 €	

2.- As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda desfrutaran, así mesmo, da exención total da cota, tal e como establece o Decreto.

7. CULTURA E FESTAS. Referencia: F/2021/3683 expedida por Sistrel Eventos.

Validación da factura F/2021/3736 expedida por Sistrel Eventos.

Valídase a contratación e recoñecer a débeda por importe de 13.859,17 € a favor de SISTREL EVENTOS, SL polo aluguer de cadros eléctricos durante as festas do Apóstolo 2021.

8. CULTURA E FESTAS. Referencia: F/2021/3736. Validación de factura emitida por Culturactiva S. Coop. Galega.

Validación da factura F/2021/3736 expedida por Culturactiva S. Coop. Galega.

Valídase a contratación e recoñecer a débeda por importe de 7.381 € a favor de CULTURACTIVA, SCG pola realización de espectáculos durante as festas do Apóstolo 2021.

9. CULTURA E FESTAS. Referencia: F/2021/3961. Validación de factura emitida por Producciones Emsac, SL.

Validación de factura F/2021/3961 emitida por Producciones Emsac, SL.

Valídase a contratación e recoñecer a débeda por importe de 18.139,10 € a favor de PRODUCCIONES EMSAC, SL polo alugueiro dun escenario para a praza da Quintana durante as festas do Apóstolo 2021.

10. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00039148Z.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

URXENCIAS

- Orde de continuidade a SERMASA para seguir prestando os servizos da escola infantil de Meixonfrío- Salgueiriños (U1).

1.- Ordénase a Servicios y Materiales S.A, a continuidade da prestación do servizo da Escola Infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños desde o 1 de setembro de 2021 ata a data de adxudicación do novo contrato.

O orzamento municipal conta con consignación orzamentaria na anualidade 2021 para atender o importe do contrato. que no período de orde de continuidade ascende á cantidade de 133.558,18 euros.

Año 2021: do 1 de setembro ata o 31 de decembro: 133.558,18 €

2.- A prestación do servizo -durante a vixencia da orde de continuidade- rexeráse polo previsto no contrato, pregos de cláusulas administrativas e técnicas no contrato.

- Aprobación do expediente de contratación e licitación da obra para executar o muro do Pombal (U2).

Apróbase o expediente denominado Remate do tratamento arquitectónico do límite leste da Alameda (Muro Pombal_Fase I) e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 304.661,05 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 63.978,82 euros.

- Reaxuste de anualidades do contrato de parques e xardíns adxudicado a CESP.A.

Reaxústanse as anteditas anualidades, adaptándoas á realidade do servizo, por mor do recurso especial en materia de contratación presentado e que foi desestimado polo TACGAL, coa seguinte desagregación::

Anualidade 2021: 1.258.237,45 euros

Anualidade 2022: 3.774.712,34 euros.

Anualidade 2023: 3.774.712,34 euros.

Anualidade 2024: 2.516.474,89 euros